

MOBILIDADE SUSTENTABLE

1.- Que entendemos por “**movilidade sustentable**”?

- a) O transporte de viaxeiros e mercadorías baseado no vehículo privado a motor (coche, moto, camión, furgoneta...).
- b) O sistema de transporte que minimiza o uso de enerxías fósiles (petróleo, na forma de gasóleo e gasolina) e fomenta os medios de transporte públicos (autobús, tren, tranvía) e non motorizados (camiñada, bicicleta).
- c) Dicimos que a mobilidade é “sustentable” cando baixa o prezo dos barrís de petróleo, xa que entón podemos utilizar máis o coche, incluso para os desprazamentos curtos.
- d) Unha “movilidade sustentable” é aquela na que as persoas maiores e @s cativ@s poden desprazarse con seguridade na cidade, sen correr risco de atopelo.

2.- En xeral, como é o **modelo de mobilidade actual** en España?

- a) Sustentable, xa que España é o país da Unión Europea que máis emprega a bicicleta despois de Holanda.
- b) Non sustentable. O modelo de mobilidade actual en España e noutras partes do mundo, coma nos Estados Unidos, está baseado no vehículo motorizado.
- c) Sustentable. España lidera a produción de coches eléctricos na Unión Europea.
- d) Non sustentable. Podemos dicir que ningunha cidade española fomenta os desprazamentos a pé ou en bicicleta.

3.- Por que é o **modelo de mobilidade actual** sustentable / non sustentable?

- a) Sustentable. Porque nas cidades os equipamentos sanitarios (hospitais), educativos e lúdicos (cines, p.e.) están no centro da cidade, polo que podemos achegarnos onda eles a pé, sen necesidade de tomar ningún medio de transporte.
- b) Sustentable. Porque tanto as cidades como as aldeas son compactas, de xeito que todos os equipamentos están próximos entre si e non fai falla coller o bus ou o coche.
- c) Non sustentable. Debido á expansión da urbanización dispersa, na que os hospitais, cines, institutos, centros comerciais... están situados na periferia das cidades. Deste xeito acaban deteriorándose os servizos e equipamentos de proximidade (centros públicos de educación e sanidade, centros de ocio...).
- d) Non sustentable. Debido a que @s cidadáns/cidadás non están pola labor de utilizar o transporte público porque é moi caro.

4.- Cal sería o **modelo de mobilidade sustentable** óptimo nunha gran cidade?

a) Aquel que favoreza os desprazamentos a pé ou en bicicleta dentro dos barrios (serían “ecobarrios”) e os desprazamentos en transporte público entre os distintos barrios.

b) Nunha gran cidade como Madrid ou Barcelona é imposible construír carrís bici e o transporte público non está ao alcance de todos os bolsillos. Polo que o transporte será sempre insustentable.

c) Aquel no que se prohiba o acceso ao centro da cidade en coche. Excepto no caso dos residentes que contan con garaxe propio ou alugado.

d) Aquel no que só se poida ter acceso ao centro da cidade en coche, nunca en transporte público (autobús), porque contamina máis que o coche e circula pola cidade con dificultade.

5.- Cales son os problemas que comporta o **modelo de mobilidade actual**?

a) O modelo de mobilidade actual non carrega ningún tipo de problema para a saúde nin para o medio ambiente.

b) Que hai poucos coches, debería de haber máis coches e motos.

c) Son varios: as emisións de gases de efecto invernadoiro, que contribúen ao cambio climático, os accidentes de tráfico, enfermidades respiratorias, obesidade, ruído, contaminación atmosférica...

d) Que non hai suficientes autoestradas, deberíanse construír máis e deberían ser de balde.

6.- Que gas de efecto invernadoiro (GEI) emitido polos vehículos motorizados contribúe en maior medida ao calentamento global?

a) O dióxido de carbono (CO₂).

b) Os coches, camións, motocicletas etc. non emiten gases de efecto invernadoiro (GEI).

c) O metano (CH₄).

d) O vapor de auga.

7.- O transporte de viaxeiros e mercadorías en España é maioritariamente:

a) Aéreo

b) Marítimo

c) Por ferrocarril

d) Por estrada

8.- De que xeito podemos contribuír nós á sustentabilidade do transporte?

- a) De moitas formas: Utilizando o transporte público, compartindo o coche, optimizando o número de desprazamentos, indo a pé ou en bicicleta, conducindo de xeito eficiente....
- b) Nós non podemos facer nada.
- c) Conducindo a gran velocidade, xa que a maior velocidade, menor consumo de combustible e, polo tanto, menor grao de contaminación.
- d) Conducindo con marchas curtas, as fiestras baixadas, o aire acondicionado funcionando, e con carga no maletero.

9.- De que xeito pódese mellorar a accesibilidade nas cidades?

- a) Instalando máis semáforos.
- b) As cidades xa son de abondo accesibles para todo o mundo, non fai falla implantar ningún tipo de medida para mellorar a súa accesibilidade.
- c) Con máis gardas civís de tráfico, que determinen quen ten a prioridade (os coches ou os peóns) nas zonas próximas aos centros escolares.
- d) Con pasos de peóns elevados ou suprimindo as beirarrúas (aceras), cun ancho de beirarrúa suficiente para o paso de cadeiras de rodas e carriños de bebés, con pavimentos para as persoas cegas, zonas peonís, camiños escolares etc.

10.- Que debemos de ter en conta á hora de desprazarnos en bicicleta pola cidade?

- a) Que as condicións meteorolóxicas o permitan, se chove non deberiamos coller a bicicleta.
- b) Empregar o carril bici (no caso de que o houbera), comprobar que a bicicleta está en bo estado (rodas ben inchadas, luces, freos, elementos reflectores), desmontarnos na zona peonil cando se atopen nen@s ou persoas maiores e sinalar co brazo as nosas manobras.
- c) A altura do sillín
- d) A presenza de xeo na estrada.